

EN MAREA E AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DE 2019

As eleccións municipais que se celebrarán en Galicia en 2019, representan unha oportunidade e un desafío para consolidar, afondar e estender territorialmente unha alternativa política para o país; construída de abaixo arriba.

A chegada das Mareas Locais aos municipios e aos seus gobernos en 2015 supuxeron o reverdecer da democracia de base nas vilas e cidades galegas, fronte aos recortes de dereitos e ao secuestro da autonomía local marcada polas políticas e as leis do Partido Popular que afastan a idea do ben común da xestión dos concellos.

As Mareas e En Marea avanza dende a súa creación na construción dunha alternativa que pon ás persoas no centro das políticas, traballando a prol das maiorías sociais dende a idea de unidade popular para acadar o ben común.

En Marea debe ser o espazo que vertebre a suma de esforzos para espallar polo país o cambio que o municipalismo iniciou en 2015. Seguros de que a unidade popular é o único camiño para acadar os nosos obxectivos sociais e políticos e o cambio en Galicia e nos concellos do país, En Marea non debe converterse nunha sorte de simple recurso ou plataforma electoral senón asegurar, desde o principio da autonomía municipalista, un proxecto nacional. En coherencia cos nosos principios En Marea ponse a disposición do espazo político, respectando a autonomía das mareas locais, para favorecer a coordinación, e cooperación dos actores do cambio e ser lugar de encontro de todas as que traballamos a prol de recuperar a ilusión dende o municipal.

En definitiva desenvolver un traballo conxunto baseado no diálogo, na fraternidade, e na radicalidade democrática dende novas formas de relación política que teñan en conta o respecto e a autonomía das mareas locais e baseada na bidireccionalidade nas relacións coas mesmas. Ofrecendo En Marea un paraugas político instrumental para facer fronte ao desafío municipalista de 2019.

Espazos de Traballo común

En Marea comprométese a **contribuír á unidade popular** exercendo un traballo activo en base ás seguintes liñas:

- Posibilitará encontros **presenciais e telemáticos** nos niveis que sexan precisos: locais, comarcais, provinciais ou nacionais, para favorecer así participación e o debate político de base, de abaixo-arriba e incentivar a **participación** das inscritas nas mareas da súa localidade.
- Ampliando a **coordinación dentro do espazo político**: das mareas locais con En Marea e entre as propias mareas municipais ao tempo que reforza a relación entre todos os ámbitos institucionais (grupos parlamentares de Galicia e das cortes estatais e dos gobernos e grupos municipais do espazo político) para mellorar a eficacia do traballo e as experiencias adquiridas.
- **Sumando** para o cambio no maior número de concellos do país, fomentando a **creación de novas mareas locais** e ofrecendo o **papel de mediación** onde sexa preciso na idea de transmitir ás localidades a necesidade de unidade popular nun espazo social, político e electoral que é común.
- Facilitando e dinamizando grupos de traballo e mareas sectoriais para a elaboración dun conxunto de propostas a través de ideas-forza PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DE 2019, que recolla aquelas cuestións esenciais para a cidadanía no ámbito local (recuperación de servizos públicos, orzamentos participativos, políticas urbanísticas que protexan o territorio...).

- Creación dun banco de ideas dispoñible para o conxunto das mareas municipalistas, onde estean recollidas experiencias e propostas programáticas que se elaboren polas diferentes mareas, grupos de traballo das mareas municipalistas (sectoriais ou territoriais) así como as elaboradas polos grupos de traballo sectoriais de En Marea. Configurando un conxunto o máis amplo posible de propostas que faciliten a todas as mareas locais, en base a súa soberanía e dentro dos principios da marea constituínte de Vigo, a elaboración dos diferentes programas políticos para as eleccións municipais do ano 2019.
- Favorecendo a **socialización e comunicación** do relato, traballo e propostas desenvolvidas en tódolos ámbitos, reforzando a bidireccionalidade da comunicación co espazo local.

Recursos e loxística ao servizo das mareas municipais

Partindo do recoñecemento mutuo, En Marea traballará xunto as mareas locais, que así o decidan, no establecemento duns mínimos comúns de identificación, para **mellorar a visibilidade conxunta, e socializar con elas todos os seus recursos materiais, loxísticos, xurídicos, e de contidos** dos que dispón. Neste senso é preciso elaborar un corpo teórico compartido de cara ás eleccións de 2019 onde se vexan refletidas as mareas locais.

Os recursos compartidos deben incluír cando menos os seguintes:

- A formación para o conxunto en política municipal, cunha especial atención ás necesidades das novas mareas.

- Facilitar o apoio xurídico e técnico en todas as áreas, máis alá do proceso electoral.
- Desenvolver ferramentas de comunicación compartidas boletíns, dixitais e en papel que incorporen o traballo das localidades.
- Poñer en común coas mareas locais a través da páxina web de En Marea e a súa intranet todos os recursos dispoñibles: información, iniciativas, propostas, mocións/ordenanzas, argumentarios ou calquera outro traballo que poida favorecer a eficacia no espazo político.

Espazos de cooperación

Sendo EM un espazo nacional, soberano, radicalmente democrático e baseado na cooperación plural dos diversos ámbitos que a conforman, establecerá distintos modos de cooperación para a formulación de candidaturas que serva para concitar ao meirande número delas respectado o que aquelas decidan libremente en exercicio da súa autonomía pero que permita unha presenza común e agrupación de sinerxías para o traballo político nas institucións municipais.

Debemos corrixir deficits de cooperación de procesos anteriores que van en detrimento de EM e a favor de partidos de conformación tradicional. Esta cooperación e unidade é especialmente importante cara a conseguir sumar representación nas Deputacións que aínda que non son institucións que nos defendamos serven de momento como fonte de recursos especialmente de concellos de pequena dimensión poboacional.

Modos de cooperación

Trátase e atopar un paraugas no que collamos todas, ir xuntos é unha necesidade de de

eficacia e para uns resultados de país. Para iso En Marea debe prestar personalidade xurídica a aquelas mareas que non a teñen aínda, porque son novas ou porque foron agrupacións de electores e que agora queren acollerse a esta. Isto é especialmente útil para as mareas pequenas.

Tamén debemos manter espazos de colaboración con aquelas mareas que polas razóns que sexan decidan non acollerse á cobertura electoral de EM.

1. Para esta toma de decisión será preciso un rigoroso coñecemento previo, informe de posibilidades de concorrencia, fórmulas xurídicas que permitan un debate rigoroso dos pros e contras se houber desta cobertura legal.
2. Para o establecemento desa cooperación estableceranse protocolos bilaterais de colaboración, segundo o previsto máis adiante.
3. Para ir avanzando neste traballo previo aos procesos electorais, crearase unha comisión de traballo para elaborar propostas.
4. En Marea prestará especial atención para atopar as fórmulas de mediación, que resolvan conflitos que houber para acadar unha única candidatura por localidade.
5. Prepararase un programa solidario cara as deputacións, onde se faga valer o peso do municipalismo realizando acordos preferentes de ámbito galego, pero que contemplan a importancia dos partidos xudiciais.
6. A elección das e dos representantes nas Deputacións Provinciais decidirse mediante o procedemento que decidan as mareas municipais dentro de cada partido xudicial, conforme os principios de transparencia e participación.

En Marea, dacordo co aprobado no plenario de xullo, e para regular a súa relación coas Mareas Municipalistas establecerá un Protocolo de Colaboración en base aos elementos compartidos e aqueles que nos diferencian como espazo político.

Contidos básicos do protocolo de colaboración coas mareas

Estes protocolos de recoñecemento bidireccional dos ámbitos local e nacional, permitirá a visibilización como candidaturas do espazo político común de En Marea.

Partindo do recoñecemento mutuo e a plena autonomía das mareas locais dentro das directrices básicas comúns que nos identifican, o protocolo cos contidos abaixo expostos deberán ser ratificados por cada Marea Local, dacordo aos seus procedementos internos, e pola dirección política de En Marea.

Compromisos que deben conter os protocolos bilaterais:

- Compartir os principios fundacionais de EM na súa asemblea fundacional de Vigo.
 0. Garantía efectivos dos dereitos humanos.
 1. Radicalidade democrática.
 2. Transparencia e loita contra a corrupción.
 3. Feminización da política e loita contra calquera tipo de discriminación.
 4. Defensa dun modelo económico xusto que garanta os dereitos, sociais e laborais.
 5. Defensa da lingua e cultura galega e do noso patrimonio.
 6. Protección do ambiente e o benestar animal.
 7. Defensa do común.
 8. Máis autogoberno e mellor vertebración territorial.
- Compartir as bases do código ético en base aos principios da asemblea de Vigo

- Realización de primarias, ou outra formula que asegure o sufraxio universal, para a elaboración das candidaturas, garantindo: igualdade, transparencia, pluralidade. Elección democrática das candidaturas sen pactos partidistas, evidencia clara de configurar espazos de unidade popular, explicitamente diferenciados das coalicións de partidos.
- Aceptación dun Catalogo Programático, de carácter global, elaborado colaborativamente naquelas cuestións supramunicipais: territorio, sanidade, educación, servizos sociais, infraestruturas, ...
- Rede de comunicación e colaboración para retroalimentar o traballo. Que a información flúa en ambos sentidos, establecer mecanismos sen menoscabar a autonomía local.
- Fomentar e recalcar o vencello co tecido social no seu ámbito.